

## Reseñas críticas

### TRUENOS Y MISTERIOS. COMPAÑÍA MATARILE TEATRO

Dun tempo a esta parte cando parece que os dominios da vangarda convertéronse nun camiño transitado por centros de arte, políticas gobernamentais e toda sorte de compañías institucionais, Matarile Teatro con Ana Vallés e Baltasar Patiño ao fronte, segue a negociar a súa fertilidade creativa nas marxes do sistema, na fronteira do políticamente correcto, na estética da improbabilidade e da autoesixencia menos compasiva.

XOSÉ LUEIRO  
TEXTO

Truenos y misterios evoca case de forma holográfica a gran obra de Kantor, A clase morta. Formalmente, no que atangue á configuración do espazo escénico, e conceptualmente, na emulsión dun discurso fragmentario, na elección de linguaxes, no tratamento do traballo actoral –tráxico e grotesco a un tempo- e na relación que establece co contexto do espectador. Ao igual que Kantor, a presenza escénica de Ana Vallés suplanta por unha banda a identidade do espectador e participa, por outra, como un actor máis da lóxica representacional.

O presente non existe. Pasa rapidamente. En canto ao futuro, aínda non temos noticias del. Toda probabilidade de certeza atópase pois no pasado. Falamos, por tanto, de persoas que tratan de reconstruír a través da memoria, a través dunha nube de datos autobiográficos o que foi a súa vida. E fanno a tróusos. Espasmodicamente. Repetindo o ritual cotián a modo de ladaiña desesperanzada. Falamos de persoas e monicreos de grande forza

ta escénica un cuestionamento irónico da realidade e unha secreta convicción da que moi pronto é participe o público: A arte debe ser inaccesible e enigmática por natureza.

Fontes diversas de luz, ritmos musicais desacordados, o obxecto como elemento simbólico... a realidade escénica funciona con sistemas de codificación e intensificación perfectamente ensamblados facendo verdade o dito de que a arte non pode ser reducida a palabras. Sobre todo cando o cuestionamento da representación se toma como punto de partida.



### PERÓN, PERÓN. COMPAÑÍA AINTERNACIONAL

Disque a regra de toda dramaturxia é que non hai regras. Sírnome deste tópic do teatro contemporáneo ante a imposibilidade de cumprimentar un dos exercicios que todo crítico teatral gusta de levar a cabo nas súas valoracións: Esa obsesión tan nosa de etiquetalo e xerarquizalo todo. Á hora de poñer etiquetas,

este Perón, Perón, resiste etiquetado. A medio camiño entre o tráxico e o melodramático, entre o visual e o acústico, o director da peza nutre a súa posta en escena de elementos que conxugan a simplificación, a solemnidade de imaxes e ritmos e a poetización do tópico. Caracterizacións, escenografía, música e luz aparecen transfigurados, substituindo a ficción por un amoreamento de fragmentos que dan en compoñer o cadro social e persoal que ao autor lle interesa presentarnos. Combinar o incombinable: velai a fermosa aspiración de toda creatividade. Con este arriscado pero atraente plantexamento escénico, Jorge Rey modela o seu obxecto dramático botando man de moitos e variados materiais. As alocucións, entrevistas e manifestacións do líder arxentino Juan Domingo Perón parecen evocar a influencia do documentalismo de Weiss, a inserción de pequenos diálogos, composicións corporais, cancións e poesía xestual retrotraénonos ás técnicas de collage experimentadas dende o teatro alternativo; tamén resulta evidente a importancia que o teatro de títeres e a manipulación de bonecos adquire ao longo de toda a cadea de montaxe coma representación social dunha colectividade terxiversada a oito polo poder político.

Segundo Guillermo Heras, cada director debe saber elixir cal é o proceso máis axeitado á concepción do espectáculo que quere levar a escena. Neste senso, Perón Perón non parte de ningún apriorismo; parte por contrapartida dun concepto dramaturxico aberto. Gran parte do mérito da montaxe radica no feito de construír un universo babélico que se presenta con autonomía propia. Aínda que as rupturas narrativas, aínda que o fragmentarismo e a complexa metaforización da obra nos impidan discernir o significado de moitas das imaxes, e nos neguen calquera idea de unidade, hai que valorar coma se merece o obxectivo dunha compañía entregada á tarefa de atopar novas formas de expresión, e a teima dun director empeñado en facer da experimentación o seu sinal de identidade. Falamos, como xa terán adivinado, de modernidade.



**PROPOSTAS** Matarile Teatro, que estrea a obra teatral 'Truenos & misterios', e Pisando Ovos, con 'No intre 1800', actuarán no Festival Escena Contemporánea

## Galiza a escena **en Madrid**

**Do 29 de xaneiro ó 24 de febreiro a capital española acollerá a representación de 37 producións**

maré · Santiago

As compañías galegas Matarile Teatro e Pisando Ovos amosarán os seus novos espectáculos no festival Escena Contemporánea 2007, que comeza o 29 de xaneiro e no que compartirán escenario con máis de 30 grupos teatrais. A produción teatral *Truenos & misterios* de Matarile elixiu este espazo para estrear a súa última creación, mentres *No intre 1800* é o espectáculo que representará Pisando Ovos.

O VII Festival Alternativo das Artes Escénicas da Comunidade de Madrid ofrecerá nesta edición 37 obras escénicas durante o 29 de xaneiro ata o 24 de febreiro, que segundo afirmou onte o conselleiro de Cultura e Deportes da Comunidade de Madrid, Santiago Fisas, supoñen unha aposta "pola innovación e o risco" na elección dos proxectos. Ademais, na presente edición participan 35 compañías teatrais, das cales 16 proceden doutros países e 19 corresponden a compañías nacionais.

Como obxectivo, tanto Fisas como o novo director da mostra Roberto Cerdá, afirmaron que nesta edición intentarase superar o número de público que asiste ó evento, que o ano pasado ascendeu a 11.000 espectadores, o que supuxo o 74 por cento do aforo destinado. Ademais, o conselleiro de Cultura avanzou que o orzamento deste



Os actores Xan Cejudo e Ana Vallés durante unha escena da obra 'Truenos & misterios'

### A CERNA

## A segunda oportunidade

Outra novidade é a creación do ciclo perspectivas que consiste nunha selección de obras xa estreadas na capital, pero que pola súa "calidade artística", a dirección dedicar unha parte da programación para "potenciar a súa difusión", concretou Fisas. No referente ós ciclos paralelos, destaca o dedicado escritora Elfriede Jelinek, Premio Nobel de Literatura en 2004, dentro do apartado Autor.

ano para o festival é de 480.000 euros.

O programa, que aborda case a totalidade de modalidades escénicas, desglósase en 12 representacións teatrais, nove traballos de danza, seis performance, catro concertos, dous espectáculos de teatro-danza e varios traballos que engloban disciplinas como o teatro físico, a poesía sonora e o teatro musical.

Destacan nesta mostra, a presenza de *Truenos & misterios* da compañía Matarile Teatro, Atra Bilis Teatro con *El año de Ricardo*, Pisando Ovos e a súa obra de danza *No intre 1800*, f.r.a.n.z.p.e.t.e.r de Sergi Fustino ou *Rebeldías po-*

sibles da Compañía Cuarta Parede Mentres, na dimensión internacional resalta a proposta de danza de Catherine Diverrés *Solides*, *Frag* de Krepsko Theatre Group, a compañía grega Quasi Stella coa súa obra *Superlux* e *The True Story* de hawaiana Stacy Makishi.

As novidades desta sétima edición da mostra escénica consisten na inclusión de dúas novas salas alternativas como o Teatro Lagrada a Sala Itaca—que se unen ás outras dez salas alternativas como a Sala Cuarta Parede, A Casa Acesa ou Teatro do Círculo de Belas Artes entre outros—, así como a inclusión de catro novas sedes na periferia de Madrid. ●

## TEATRO

O teatro de Ana Vallés é unha desas propostas que nos apreixa porque é capaz de dicilo todo sen contar nada e porque fai da ousadía e da transgresión estética os seus sinais de identidade. Nestes

### TRUENOS & MISTERIOS.

Matarile Teatro.

Creación e

dirección: Ana Vallés.

Textos: Ana Vallés,

Thomas Bernhard,

Harry O., Carlos

Sarrío, Xan Cejudo,

Perico Bermúdez,

Mauricio González.

Intérpretes: Perico

Bermúdez, Xan

Cejudo, Mauricio

González, Carlos

Sarrío, Ana Vallés.

Espazo escénico,

iluminación e

música: Baltasar

Patino.

tempos nos que predomina o *politically correct* entre os artistas españois, con certa tendencia ao sermoneo laico, agrádese observar sobre un escenario un canto a todo aquilo que constitúe as nosas vidas, o noso tedio, mesmo os medos que, ás veces, dá a sensación de seren inconfesábeis nun mundo no que todos, todas, temos que parecer Tomb Rider aínda que sexamos absolutamente covardes. *Truenos & Misterios*, como acontece sempre co teatro de Matarile, é refrescante porque foxe desas convencións e porque foxe do argumento tradicional do teatro para espir os personaxes a través do que é, seguramente, un dos recursos máis produtivos das artes: a ruptura das fronteiras entre realidade e ficción.

Nun espazo escénico que evoca habilmente unha mesa de traballo, os actores desenvolven os seus personaxes coma a si mesmos, quizais porque investigarse é a mellor maneira para exhibirse nun escena-



## O teatro que está vivo

Inma López Silva

rio ou, quizais, porque Ana Vallés está a procurar desesperadamente romper tamén coa noção tradicional de personaxe. Por iso estes actores falan de vidas que se ficcionalizan automaticamente por seren ditas sobre o palco, obrigándonos a entender que ser actor é moito máis ca un oficio, e tamén algo normal coma comer pan para quen ten a sorte ou a desgraza (a sorte, crep eu) de nacer con ese talento, de ser capaz de subir aí e demostrar que hai outras maneiras de contar o mundo riba dun escenario.

Ana Vallés e Matarile insisten nesta ocasión nunha re-escenificación dos discursos que consideramos teatras

fóra dos teatros, procurando a súa reconversión estética e significativa: a clase, a conferencia, a narración oral, as relacións sociais, os movementos na rúa e, sobre todo, cómo nos ven. En *Truenos & Misterios* hai múltiples referencias á eterna pregunta "quen son?" reformulada unha e outra vez para demostrar, desde outro punto de vista, que non hai resposta. E todo iso nunha linguaxe que mestura o relato, a danza, o absurdo, o deseño... explorando tódalas posibilidades plásticas dun escenario que contén e é unha enorme mesa de traballo onde a luz, o chan, as roupas e, sobre todo, a música, expresan e puntúan un ritmo constante que nos apreixa.

Observándoo todo está o esqueleto. Ese esqueleto que se monta e se desmonta, que serve para xogar e para construír metáforas e paralelismos cos personaxes, que se move coma eles, que se deixa manipular e, sobre todo, que mira. Mira coma os espectadores, impassíbel, cunha sorte de sorriso que se converte en aeno, coma se todos, todos, estivesemos mortos. Contra ese público morto, sen dúbida, só pode loitar o teatro vivo de Matarile.



'TRUENOS Y MISTERIOS' ABUNDA NOS PRINCIPIOS QUE CARACTERIZAN A APOSTA ARTÍSTICA DE MATARILE TEATRO: POETICIDADE, FRAGMENTACIÓN E ESPONTANEIDADE DAN EN CONFORMAR UN COLAXE EMOCIONAL DE FERMOSSÍSIMA FACTURA...

## EMOCIÓN E MEMORIA



### ■ A contrabutaca

José Ledro - A Estrada

Dun tempo a esta parte parece que os dominios da vangarda se converteron nun camiño transitado por centros de arte, políticas gubernamentais e toda sorte de compañías institucionais, que percorrendo a fronteira que abrangue dende o figurativismo máis convencional até a abstracción e a esencialidade máis emerxentes, dan en marcar o paso do que poderíamos chamar dramaturxia oficialista. ¿Imaxinan a Baltasar Patiño ou Ana Vallés -cabezas visibles do proxecto Matarile- doutro modo que non sexa reconverténdose ao marxismo e repetindo aquilo de que nunca pertencerían a un club que os admitise coma socios? Eu non, dende logo. Hai xa uns cantos anos que esta parella de creadores negocia a súa fertilidade creativa nas marxes do sistema, na fronteira do impoliticamente correcto, na estética da improbabilidade e da autoexistencia menos

compasiva... É é aí onde emerge a figura de Kantor. Truenos y misterios evoca case de forma holográfica a gran obra do escritor polaco, *A clase morta*. Formalmente, no que atinge á configuración do espazo escénico, e conceptualmente, na emulsión dun discurso fragmentario, na elección de linguaxes, no tratamento do traballo actoral -tráxico e grotesco a un tempo- e na relación que establece co contexto do espectador. Igual que Kantor, a presenza escénica de Ana Vallés substitúe por unha banda a identidade do espectador e participa, por outra, coma un actor máis da lóxica representacional. Hai unha admiración non disimulada cara á obra do actor polaco que respira por todos os poros da montaxe e que se manifesta de múltiples maneiras.

O presente non existe. Pasa rapidamente. En canto ao futuro, aínda non temos noticias del. Toda probabilidade de certeza atópase pois no pasado. Falamos, por tanto, de persoas que tratan de reconstruír a través da memoria, a través dunha nube de datos autobiográficos o que foi a súa vida. E fanno a trossos. Espasmodicamente. Repetindo o ri-

tual cotián a modo de ladaiña desesperanzada. Falamos de persoas e monicreques de gran forza expresiva. Hai tanto no texto coma na proposta escénica un cuestionamento irónico da realidade e unha secreta convicción da que moi pronto é participe o público: A arte debe ser inaccesible e enigmática por natureza.

Pero volvamos ao tema de Kantor. O recordo da vida que xa non é, as lembranzas de tantos outros como fomos é o que evoca a idea de morte. Un aceno máis á peza do autor polaco que coloca o teatro nun punto totalmente descoñecido, a medio camiño entre dúas formas de realidade. Unha realidade e unha dramaturxia que contan coas súas propias leis, emparentadas co fenómeno performativo, coa representación do *happening*, do teatro ritual onde o actor non representa ningún papel, non encarna ningún personaxe; segue a ser el mesmo, presa das disquisicións emocionais que habitan o seu cotián. Son personaxes con distintos graos de consciencia, personaxes entregados á tarefa de usurpar identidades, personaxes desesperados,

contraditorios... atrapados no fantasmagórico espazo da memoria. Un científico, un bailarín, un mestre de escola, un profesor... personaxes ensusmados case que nun estado de asombro metafísico que semellan deambular por outra dimensión da realidade coma bonecos que se activan sen saber moi ben para que, coma esqueletes celebrando nunha macabra danza a inexorabilidade da morte. Fontes diversas de luz, ritmos musicais desacordados, o obxecto como elemento simbólico... a realidade escénica funciona con sistemas de codificación e intensificación perfectamente ensamblados facendo verdade o dito de que a arte non pode ser reducida a palabras. Sobre todo cando o cuestionamento da representación se adopta como punto de partida. ●

**OBRA:** Truenos y misterios  
**COMPAÑÍA:** Matarile Teatro  
**DIRECTOR:** Ana Vallés  
**ELENCO:** Perico Bermúdez, Juan Cejudo, Mauricio González...  
**CUALIFICACIÓN:** \*\*\*  
● Mala \*Regular \*\*Interesante  
\*\*\*Notable \*\*\*\*Excelente

### AS CLAVES

#### Elenco

Creada e dirixida por Ana Vallés sobre textos de Thomas Bernhard e Harry G. Frankfurt entre outros, 'Truenos y misterios' está interpretada por Perico Bermúdez, Juan Cejudo, Mauricio González, Carlos Sami e a propia Ana Vallés. Outros membros do equipo artístico son Baltasar Patiño como produtor musical, pianista e deseñador do espazo escénico e Marina Wainer como axudante de dirección. A obra que produce a sala Galán estreouse en febreiro de 2007 no Festival Escena Contemporánea de Madrid, con grande éxito por parte de público e de crítica. 'Truenos y misterios' está suscitando o interese de distintas distribuidoras para a súa exhibición polo circuito nacional.

#### A compañía

Creada en Santiago de Compostela no ano 1986, Matarile Teatro ten posto en escena 20 espectáculos, numerosas performances e colaboracións con outras compañías presentando os seus espectáculos en países como Francia, Portugal, USA, Inglaterra, Iugoslavia, Italia e Alemaña. Matarile ten apostado dende a súa creación por espectáculos que rompen totalmente as estruturas escénicas tradicionais e que se enmarcan dentro dun teatro contemporáneo que prescinde do filo condutor do texto literario e tende a expresión corporal e a suxerencia acadan notable importancia.

#### En danza

Vinte e catro representacións, sete estreas, nove compañías, cinco bailaríns-coreógrafos, un taller de danza e unha charanga son os números que o festival internacional de danza organizado polos membros de Matarile Teatro, contemplará ao longo desta fin de semana no intento de difundir a creación escénica contemporánea. Todo nun marco que utiliza como escenario a propia arquitectura da cidade de Compostela. Once espazos diferentes que actuarán como centro de intercambio cultural e que serán testemuño do traballo de coreógrafos do prestixio de Daniel Abreu, Hisako Horikawa, Akemi Takeya, Andrés Cordero, Mónica Valenciano ou Ana Martins e de mozos solistas galegos.

## MIRADAS

### Falar do que non se fala



LUPE GÓMEZ

**F**alar da morte parécenos difícil. Na case nunca falamos de que imos morrer, de que van morrer todas as persoas que queremos. Ignoramos que existen os cárceres, os manicomios, os hospitais. Tentamos anular a realidade máis real. Por iso a sociedade é cada vez máis irreal, máis espectacular, máis estúpida. Fronte a esa estupidez Matarile Teatro, na súa nova obra *Truenos y misterios*, fala da morte, e fai no dende a vida. Dende unha longa mesa que ocupa o escenario, e que ás veces é como un confesionario no que os personaxes van desvelando algúns segredos. Os personaxes non queren ser personaxes, queren ser persoas. Ao mesmo tempo as persoas queren ser outra cousa. A directora queren ser un coello branco. O bailarín preferiría ser unha bailarina. Un profesor fala e fala, explica e explica, e necesita ser comprendido, escoitado polos demais. Traen para nós un texto

### *É como un ballet absurdo, un lugar no que expresarse con liberdade*

fermoso e duro de Thomas Bernhard. *Truenos y misterios* é como un ballet absurdo e, polo tanto, é un lugar no que expresarse con liberdade. Todo o tempo divírte o público, e tamén hai momentos moi intensos e íntimos nos que fai chorar. Ten esta obra esa atmosfera elegante que teñen os enterros. Ten a ironía necesaria para poder relativizar os temas máis serios. É como ir a unha festa na que o espanto move os fíos dos acontecementos. Aprender a falar dos temas-tabú. Falar da dor enorme que nos produce estar vivos. Cunha música de piano que fai máis doces os xestos, os movementos. Mentres miro un esqueleto póñoome a comer mazás e tomates. ●